

Curso de lingua e cultura xaponesa I - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO DE LINGUA E CULTURA XAPONESA
Código	V17.SP.JP.LC
Nome	Curso de lingua e cultura xaponesa I
Curso académico	2016-2017
Nivel	INICIAL
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	40.00

Descrición

Este curso vai dirixido a todo o interesado en comezar a aprender xaponés e iniciarse no coñecemento da cultura xaponesa. Ten como obxectivo acadar as catro capacidades básicas de calquer lingua: auditiva, lectiva, expresión verbal e escrita. Enfatizaranse as peculiaridades propias da lingua xaponesa, como o sistema de escritura katakana, hiragana e kanji. Ao rematar o curso os estudantes serán capaces de participar en diálogos simples en xaponés, preguntar, responder, e comunicar as súas necesidades básicas.

Aparte do coñecemento lingüístico, tamén iremos introducindo ao alumno nos aspectos máis relevantes da cultura xaponesa. Permitindo deste xeito que os alumnos se acheguen a unha cultura tan diferente da súa e ao mesmo tempo tan fascinante, o cal lles facilitará o contacto intercultural.

Nas clases incluíranse actividades lúdicas como xogos, cancións, origami, cociña, que permitirán o aprendizaxe da lingua xaponesa desde unha perspectiva lúdica e comunicativa agradable, co obxectivo de que aprendan ao tempo que recoñecen kanjis e estruturas culturais e comunicativas básicas.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	07/12/2016 - 29/01/2017
Período de docencia	02/02/2017 - 04/05/2017

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	40
Validación LE	2

Destinatarios

Dirixido a persoas maiores de 16 anos, xa sexan estudantes, profesoras/es, turistas ou persoas de negocios que teñan interese en desenvolverse, de forma sinxela, en situacións habituais de comunicación con persoas xaponesas. O curso vai dirixido a principiantes na lingua xaponesa.

Calendario

Xoves de 16.00 a 19.00 horas (Aula a determinar)

Programa

Material:

O prezo do curso inclúe todos os materiais que se van a utilizar na aula: materiais lingüísticos, os instrumentos necesarios para a caligrafía xaponesa, os materiais para o taller de comida, etc.

CONTIDOS LINGUA XAPONESA

Lección 0

Introducción ao xaponés

Hiragana Katakana

Introducción ao Kanji

Saúdos e expresións cotidiás

Lección 1 : Cómo te chamas? 1. (persoa) é ?. Nome País Nacionalidade traballo 2. - (persoa) é ?? - Sí, é ?. - Non non é ?. (persoa) é ?. (persoa) non é ?. 3. número I 0-99 Idade: - Cantos anos ten (persoa)? ? Ten (número) anos.

Lección 2: Cánto custa? 1. número II número de telefono enderezo 100-10.000 - Canto custa? ? Son (número) Yens. 2. Qué é? - Qué é isto? - E (obxecto). - E isto (obxecto)? - Sí, o é, é (obxecto). - Non, non é, é (obxecto). 3. Quén é? - Quén é? - É (persoa). 4. - De quén é (obxecto)? - De (persoa) é (obxecto). - De quén é? - De (persoa) é.

Lección 3: Qué é aquilo? 1. Éste/ ése/ aquél é (obxecto). 2. Cál é (obxecto)? 3. De onde é (obxecto)? De onde é? 4. Este/ ese/ aquel (obxecto) é ?.

Lección 4: Qué hora é agora? 1. ? hora ? minuto 2. Qué hora é? pola mañá cedo, pola mañá, ao mediodía, pola tarde, pola noite 3. (establecemento) é de ? hora ata ? hora.

Lección 5: Onde está o servizo? 1. Aquí/ aí/ alí é (lugar). 2. (lugar) está aquí/ aí/ alí. Onde está (lugar)?, (lugar) está no (número) piso.

Lección 6: Qué día da semana é a recollida do lixo? 1. Qué día da semana é ?? 2. ? era ?. ? non era ?.

Lección 7: A qué hora te levantas? 1. Verbos Traballar, descansar, estudar, lavar roupa, varrer, comprar ma su (presente afirmativo) ma se n(presente negativo) ma shi ta(pasado afirmativo) ma se n de shi ta(pasado negativo) 2. ? hora (verbo).

Lección 8: Onde vas? 1. Ir / Vir / Voltar (lugar). 2. Vou en (transporte). 3. Dende (lugar) ata (lugar) cánto tarda?

Lección 9 : Qué día é o teu cumpreanos? 1. Cándo é ?? 2. Vin (duración) antes. 3. Vin con (persoa).

Lección 10: Qué comes pola maña? 1. Verbo + obxecto Comer, beber + (comida/bebida) Comidas, bebidas Ver, escuitar, escribir, ler, comprar, facer + (obxecto) 2. Verbo + obxecto en (lugar)

Lección 11: Falo con amigos en xaponés. 1. Verbo + con (medio) 2. Falo con (persoa) en (idioma) 3. Cómo se di ? en (idioma)? 4. - Xa (verbo pasado)? - Non, aínda non.

CONTIDOS DE CULTURA XAPONESA - Diferente formas de expresarse segundo con quen se fale. - Nomes de persoa. Aprender a escribir os nomes de cada alumno en xaponés. - A cultura dos números no Xapón. - Actividade de caligrafía xaponesa. - Aprender a cantar cancións xaponesas como "a i u e o no uta"(canción de a i u e o), "gu choki pa de na ni tsu ku ro"(canción de papel, tesoira e pedra), "aka tonbo"(libelula vermella), "ookina furu dokei"(o vello reloxo), etc. - Taller de Origami. - Festividade principais do Xapón. Significado e costumes. - Taller de comida xaponesa.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	175.00 €
Público en xeral	210.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)
Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria

[Impartido en](#)

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

[Cómo matricularse](#)

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHESMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

[Condições de acceso](#)

Acceso directo. Non é preciso facer proba de nivel.

[Devolución](#)

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.

3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.

4. Considerárase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:

- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.